



CONCELLO DE TUI  
Concellería de Patrimonio

## AXUDAS AO ALUGAMENTO DE VIVENDA - 2021

### REQUISITOS XERAIS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

- Titulares en condición de persoa inquilina, dun **contrato de alugamento de vivenda cunha duración mínima dun ano, con mención expresa da súa referencia catastral.**
- Que a vivenda arrendada constitúa a súa **residencia habitual e permanente**, así como da súa unidade de convivencia durante o período que se conceda a axuda.
- Que a renda mensual da vivenda alugada **non supere os 400 €.**
- Entre outras condicións, **non poderán ser propietarias ou usufrutuarias** dalgunha vivenda en España.

### CONTÍA DAS AXUDAS

LIÑA A	40% da renda mensual do alugamento, en xeral
	50% da renda mensual do alugamento en caso de persoas que na data de presentación da solicitude teñan <b>máis de 65 anos.</b>
LIÑA B	50% da renda mensual do alugamento, para persoas que na data da presentación da solicitude <b>non teñan cumprido os 35 anos.</b>

\* Non se subvencionan os gastos de comunidade, aluguer de garaxes nin rochos.

\* As axudas de ambas liñas concederanse **por un prazo máximo dun ano e, en todo caso, ata o 31/12/2021.**

### INGRESOS MÍNIMOS E MÁXIMOS

Os ingresos das persoas que compoñen a unidade de convivencia (empadroados na vivenda) deben estar entre os límites:

<b>INGRESOS MÍNIMOS</b>	<b>INGRESOS MÁXIMOS</b>
0,7 IPREM	2 IPREM
	4 IPREM
	5 IPREM



CONCELLO DE TUI  
Concellería de Patrimonio

< **2 IPREM**, en caso xeral.

< **4 IPREM**, se a unidade de convivencia é unha familia numerosa ou ten persoas con discapacidade distinta das nomeadas no punto seguinte.

< **5 IPREM**, se a unidade de convivencia é unha familia numerosa especial ou ten persoas con algún dos seguintes tipos de discapacidade:

- Parálise cerebral, enfermidade mental, discapacidade intelectual ou discapacidade do desenvolvemento, cun grado de discapacidade > 33%.
- Discapacidade física ou sensorial, cun grado de discapacidade > 65%

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- **Anexo I**, de solicitude.
- **Contrato de alugamento da vivenda, con mención expresa da súa referencia catastral.**
- **Xustificante de empadramento** conxunto de todas as persoas integrantes da unidade de convivencia.
- **Anexo II**, de declaración responsable das persoas integrantes da unidade de convivencia.
- **Documentación xustificativa dos ingresos** percibidos pola unidade de convivencia, **en caso de non presentar declaración de IRPF** ou percibir algunha das rendas exentas de presentar IRPF, acompañada da seguinte documentación:
  - Certificado de retribucións e retencións da empresa.
  - Certificado de pensións ou prestacións se non son outorgadas polo INSS.
  - Certificado da contía percibida pola renda de integración social de Galicia.

## SOLICITUDES, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- En formato papel: Portelo Rexistro Concello Tui.
- Vía electrónica (<https://sede.xunta.gal>), no procedemento **VI432A**.

- **Prazo de solicitude: Ata o 30/04/2021**

*Resolución do 5 de marzo de 2021 pola que se convocan as axudas ao alugamento de vivenda do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 para o ano 2021. ((DOG nº 60 do 30 de marzo de 2021).*